

CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A AXENCIA DE TURISMO DE GALICIA E A FEDERACIÓN GALEGA DE ASOCIACIÓNS DE AMIGOS DO CAMIÑO DE SANTIAGO (FEGAC) PARA A PROMOCIÓN E DINAMIZACIÓN DAS RUTAS XACOBEAS EN GALICIA E O FORTALECIMENTO DO PAPEL DAS ASOCIACIÓNS DO CAMIÑO DE SANTIAGO

Santiago de Compostela,

REUNIDOS

Por unha parte, D. José Manuel Merelles Remy, director da **Axencia de Turismo de Galicia**, en virtude do nomeamento efectuado polo Decreto 75/2024, do 22 de abril (DOG núm. 81, do 24 de abril), e conforme ás facultades que lle confire o apartado dous da disposición adicional segunda do Decreto 108/2022, do 16 de xuño, de estrutura orgánica dos órganos superiores e de dirección dependentes da Presidencia da Xunta de Galicia (DOG núm. 117, do 20 de xuño), que desconcentra na persoa titular da Dirección da Axencia a competencia para subscribir convenios de colaboración no seu respectivo ámbito competencial, de acordo co previsto no artigo 15.2.c) dos estatutos da Axencia de Turismo de Galicia, aprobados polo Decreto 196/2012, do 27 de setembro (DOG núm. 193, do 9 de outubro).

E doutra, D. Javier Gómez Vila, actuando en nome e representación da **Federación Galega de Asociacións de Amigos do Camiño de Santiago (FEGAC)**, con CIF G70598560, e na que exerce a presidencia.

Interven en razón dos seus respectivos cargos no exercicio das facultades que teñen conferidas e que lles atinxen, e conveñen en nome das entidades que representan o que segue.

EXPOÑEN

Primeiro.- Que a Axencia de Turismo de Galicia, segundo o Decreto 196/2012, do 27 de setembro, polo que se crea dita Axencia e se aproban os seus estatutos, ten como obxectivo,



impulsar, coordinar e xestionar a política autonómica en materia de turismo e, en especial, a promoción e a ordenación do mesmo dentro da comunidade.

Para lograr esta finalidade a Axencia de Turismo de Galicia, acomete no ámbito das súas competencias, un decidido apoio á promoción e fomento do sector turístico de Galicia a través daquelas accións que lle permiten acadar os seus obxectivos.

Segundo.- Que a FEGAC, constituída como organización de natureza asociativa e sen ánimo de lucro, con personalidade xurídica propia e plena capacidade de obrar, pretende unir a todas as Asociacións de Amigos do Camiño de Santiago, con sede en Galicia, para a revitalización, impulsión, recuperación, apoio, promoción e difusión dos Camiños de Santiago en xeral e a satisfacción das necesidades físicas, morais e culturais dos peregrinos determinados pola Federación de acordo cos seus estatutos. É na actualidade a entidade que representa á gran maioría das asociacións do Camiño en Galicia.

Os fins da Federación serán os seguintes:

- a) O fomento, promoción e defensa da peregrinación xacobeá tradicional, en todas as súas dimensións, especialmente nos seus compoñentes espirituais e humanísticos.
- b) A atención, información, axuda e protección ao peregrino xacobeo por todos os medios posibles, especialmente coas publicacións propias, páxinas web, foros sociais ou calquera outro medio de comunicación.
- c) A defensa do patrimonio cultural europeo, material e inmaterial, en todos os seus ámbitos e a protección dos Camiños de Santiago, en xeral.
- d) As actuacións ante Organismos e Institucións, tanto públicas como privadas, en orde á defensa, conservación e protección do patrimonio histórico cultural dos Camiños de Santiago, especialmente ante a Dirección Xeral de Patrimonio e outros organismos da Xunta de Galicia, podéndose colaborar con entidades similares que teñan as mesmas finalidades, dentro e fóra da Comunidade Autónoma de Galicia.
- e) O fomento e promoción dos estudos, investigación e publicacións ao redor do Camiño de Santiago, o seu patrimonio e o fenómeno da peregrinación, tanto con carácter xeral como particular.
- f) Organizar todo tipo de actos ou eventos que faciliten o coñecemento ou difusión do Camiño de Santiago.



Terceiro.- Que a celebración do Ano Santo Xacobeo 2027 constituirá para a Comunidade Autónoma de Galicia unha nova oportunidade de potenciación de Galicia, así como de promoción e de reforzo da dimensión internacional do Camiño de Santiago e da propia comunidade.

A Estratexia de Turismo de Galicia 2030 ten como misión impulsar un turismo auténtico e sostible. Esta articúlase a través de misións, sendo unha delas a denominada Galicia, destino auténtico e diferencial. Dentro desta misión recóllese a Medida Xacobeo 2027. O Ano Santo é un feito de gran relevancia non só para o turismo galego, senón para todo o territorio. O Xacobeo 2027 debe ser unha celebración que achegue a experiencia e a riqueza do Camiño á poboación residente e que logre fomentar o sentimento de orgullo e pertenza entre esta. Garantir a accesibilidade e a seguridade no Camiño forma parte das prioridades para este ano santo. Tamén reforzar a acollida como un dos principais valores do Xacobeo, revitalizar os atributos máis auténticos da peregrinación e afondar no diálogo con todos os actores que interveñen no fenómeno das peregrinacións.

Cuarto.- A FEGAC pretende levar a cabo un proxecto para a promoción e dinamización das rutas xacobeas en Galicia e para o fortalecemento do papel das asociacións do Camiño de Santiago.

Este proxecto contribuirá á continuidade na posta en valor do Camiño de Santiago na actualidade. As asociacións xacobeas, xunto coa Xunta de Galicia, foron historicamente os principais responsables da recuperación e promoción do Camiño de Santiago en todas as súas variantes. A Federación, que agrupa á maioría (22) de Asociacións do Camiño de Santiago representa e articula os seus esforzos en torno á promoción coordinada das rutas e ó fortalecemento da rede de asociacións que mantén viva a experiencia xacobeas.

A FEGAC presenta este proxecto co obxectivo de fortalecer a visibilidade e o atractivo dos dez Camiños de Santiago oficializados en Galicia mediante unha campaña potente de promoción dixital activa desde marzo ata decembro de 2026, a elaboración e edición de material promocional en diferentes formatos, charlas divulgativas en Centros Educativos sobre os Camiños de Santiago para dar a coñecer o conxunto das rutas, cun enfoque pedagóxico, inclusivo e participativo; e a celebración dun Congreso ó longo de 2026, dirixido ás nosas Asociacións Federadas e especialmente deseñado para a promoción dos Camiños do Norte de Santiago.



Obxectivos do proxecto

- Promover de forma conxunta as dez variantes do Camiño de Santiago en Galicia mediante accións dixitais e materiais de calidade.
- Reforzar a visibilidade o recoñecemento do traballo das asociacións vinculadas ó Camiño de Santiago.
- Xerar contido informativo, inspirador e útil para actuais e futuros peregrinos.
- Contribuír á profesionalización da presenza dixital da Federación e as asociacións que a compoñen. En conxunto, este proxecto busca non só aumentar o coñecemento, senón tamén estimular a decisión de recorrer novas rutas por parte dos futuros peregrinos, consolidando a Galicia como un referente xacobeo múltiple e dinámico.

As distintas actuacións que se desenvolverán son as seguintes:

1. Campaña de comunicación dixital (De marzo a decembro 2026)

A través de la produción e difusión de contidos audiovisuais breves e de alto impacto (reels, vídeos promocionais ou cápsulas sonoras), preténdese achegar o público xeral e potenciais peregrinos á diversidade paisaxística, patrimonial e humana de cada unha das rutas, desde as máis coñecidas ata as menos transitadas. Os contidos publicaranse principalmente en redes sociais como Instagram, Facebook, TikTok e YouTube, adaptándose ós formatos e estilos de consumo actuais. Este plan está deseñado para ser eficiente e sostible, apoiándose en ferramentas dixitais accesibles e fomentando a participación das Asociacións na recolección de imaxes, lugares de gravación, participantes, sabores e sons do Camiño.

Como accións destacadas recóllense as seguintes:

- Deseño e execución de campañas mensuais temáticas centradas en cada unha das Asociacións que compoñen a Federación.
- Publicacións semanais en redes sociais: fotografías, vídeos, testemuños, curiosidades...
- Entrevistas audiovisuais a peregrinos, hospitaleiros e membros das asociacións.
- Promoción de actividades de inclusión no Camiño contando con Asociacións como DisCamino e San Xerome Emiliani.
- Mejora da web da Federación: novos apartados por ruta, calendario de actividades, contidos interactivos.



Cun presuposto total estimado de 5.772,01 € + IVE, contéplase a coordinación de redes, edición audiovisual, recursos técnicos e accións de visibilidade. A proposta busca consolidar a imaxe de Galicia como territorio xacobeo diverso, activo, inclusivo e en constante innovación, ó tempo que redistribúe a atención cara a rutas menos masificadas, favorecendo un desenvolvemento territorial máis equilibrado. A campaña de promoción dixital dos dez Camiños de Santiago en Galicia xerará un impacto significativo en termos de visibilidade, interacción e percepción do Camiño, especialmente en rutas menos coñecidas.

- Reforzo da imaxe de Galicia como territorio diverso e acolledor para os peregrinos.
- Revalorización dos Camiños menos transitados, axudando a desconxestionar rutas tradicionais e promovendo un turismo máis sostible e equilibrado.
- Actualización do relato visual do Camiño, adaptado á linguaxe dixital e audiovisual contemporánea.
- Activación das asociacións locais, implicándoas como axentes clave na construción do contido.

Impacto cuantitativo das anteriores accións:

- Máis de 20 contidos audiovisuais publicados entre marzo e decembro.
- Alcance estimado mensual en redes: entre 10.000 e 80.000 usuarios.
- Incremento previsto dun 30–40 % en seguidores en canais sociais da Federación.
- Aumento do número de consultas, visitas web e solicitudes de información sobre Camiños non maioritarios.

2. Elaboración e edición de material promocional

A edición de material promocional concíbese como unha ferramenta esencial para reforzar a identidade da Federación e as súas asociacións, así como para consolidar a imaxe unificada dos diferentes Camiños de Santiago en Galicia. Producirase material impreso e dixital, adaptado a distintos públicos e formatos de distribución:

- Tríptico institucional da Federación: mapa de rutas, directorio de asociacións, información de servizos.



- Mapa do Camiño de Santiago en Galicia con contidos prácticos e patrimoniais: distancias, etapas, aloxamentos, recomendacións, así como referencias patrimoniais e culturais propias de cada itinerario.
- Adhesivos vinilo en diferentes tamaños: deseñados para facilitar a súa distribución entre peregrinos, turistas e visitantes. Incluírse o logotipo da Federación, as rutas oficiais e unha mensaxe inspiradora que fomente a hospitalidade e o espírito xacobeo. Este tipo de material ten unha gran acollida entre os peregrinos e funciona como elemento de identidade, recordo e difusión.
- Bolsas corporativas da FEGAC para entregar a documentación en formato uniforme.
- Impresión de diversos materiais de difusión achegado polas Asociacións que contribúa á difusión dos nosos Camiños.
- Todo o material contará cunha versión dixital accesible desde a web da Federación.

Cun presuposto de 6.296,74 € + IVE este material facilitará a labor informativa das asociacións e mellorará a experiencia do peregrino, ó tempo que proxectará unha imaxe cohesionada e actualizada do traballo colectivo que se realiza en torno ó Camiño en Galicia.

3. Charlas en Centros Educativos sobre los Caminos de Santiago

Como acción complementaria a este proxecto e con vocación de sensibilización interxeracional, desenvolverase un ciclo de charlas divulgativas en Centros Educativos de Galicia. Estas sesións estarán impartidas por profesionais cualificados como guías e expertos no Camiño e profesionais do sector con experiencia acreditada en divulgación do Camiño, así como con coñecemento específico sobre a historia, valores e actualidade da peregrinación polo Camiño de Santiago en calquera das súas variantes, garantindo así o rigor técnico, a calidade pedagóxica e o enfoque vivencial de cada charla. Contarase ademais coa testemuña e experiencia de hospitaleiros, historiadores ou investigadores vinculados ó ámbito xacobeo, dando voz de primeira man ós que traballan no Camiño de Santiago.

Así mesmo propónse a participación activa de Asociacións de inclusividade para favorecer un Camiño Inclusivo, contando coa participación de Asociacións como DisCamino e San Xerome Emiliani.

Estas sesións estarán centradas no conxunto das rutas do Camiño de Santiago, cun enfoque pedagóxico e participativo.



Os obxectivos desta acción son:

- Difundir o coñecemento sobre o patrimonio xacobeo entre a poboación escolar.
- Reforzar o papel das asociacións como transmisoras dos valores do Camiño.
- Destacar os valores tradicionais do Camiño, como a hospitalidade, a solidariedade, o respecto e a axuda mutua dentro do trazado dos Camiños de Santiago.

Estas actividades estarán organizadas en coordinación coas Asociacións da Federación, e facilitaranse materiais adaptados a cada etapa educativa, incluíndo mapas, presentacións visuais e recursos didácticos. Cun presuposto de 5.772,01 € + IVE levaranse a cabo entre setembro e decembro do presente ano 2026.

4. Celebración dun Congreso na Federación Galega de Asociacións de Amigos do Camiño de Santiago

Así mesmo, no marco desta estratexia integral de dinamización e fortalecemento institucional, contéplase dentro deste ano 2026 a organización dun Congreso da Federación Galega de Asociacións de Amigos do Camiño de Santiago (FEGAC). Este encontro estará aberto a asociacións do Camiño de Santiago nacionais e internacionais, asociacións que traballen a inclusividade, representantes institucionais, expertos en patrimonio, turismo sostible e estudos do Camiño de Santiago en calquera das súas variantes, así como a persoas vinculadas ó ámbito académico e cultural. O seu obxectivo será visibilizar a riqueza histórica, patrimonial e humana dos diversos Camiños, favorecer o intercambio de experiencias e consolidar redes de cooperación que contribúan á promoción conxunta e sostible das rutas menos transitadas, enfocando especialmente no Camiño de Inverno ou mesmo ó Camiño do Norte.

Este encontro terá como finalidade reforzar a coordinación estratéxica, avaliar conxuntamente as actuacións desenvolvidas, avaliar problemáticas comúns e formas de resolvelas, compartir boas prácticas en materia de aollida, sinalización, divulgación e promoción, e establecer liñas comúns de traballo para o futuro. Combinará relatorios, mesas redondas e espazos de diálogo, reforzando a imaxe de Galicia como territorio de referencia na xestión e dinamización dos Camiños de Santiago.



O congreso configurarase como un espazo de reflexión e planificación colectiva, fortalecendo a cohesión interna e o papel da Federación como estrutura vertebradora do tecido asociativo no Camiño de Santiago de Galicia.

Realizarase en Santiago de Compostela e outros puntos a determinar repartidos pola xeografía galega, a súa duración será entre dous e catro xornadas, nas que terán lugar mesas de traballo, relatorios técnicos, sesións estratéxicas e conclusións finais.

Cun presuposto de 8.430,63 + IVE € a Federación asumirá a coordinación técnica, loxística e organizativa do evento.

5. Compensación de gastos por asistencia institucional y representación

Co fin de garantir a adecuada representación institucional da Federación Galega de Asociacións de Amigos do Camiño de Santiago (FEGAC), e levar a cabo as actividades expostas neste proxecto, contéplase a compensación dos gastos derivados da asistencia dos membros da Xunta Directiva a actos, reunións e eventos promovidos tanto pola propia Federación, como igualmente pola Axencia de Turismo de Galicia.

En todo caso serán compensacións exclusivamente dos gastos efectivamente realizados con ocasión do exercicio de funcións de representación, coordinación, asistencia a reunións técnicas, xornadas, congresos ou actos institucionais vinculados ós fins da Federación e ás actuacións obxecto do presente convenio.

Inclúense: desprazamentos en transporte público, quilometraxe en vehículo propio conforme ó baremo oficial vixente, aloxamento cando resulte necesario por razón de distancia ou duración do acto, manutención no marco da xornada de traballo ou evento e peaxes, aparcamento ou outros gastos directamente vinculados ó desprazamento.

Cun presuposto total estimado de 7.465,12 € + IVE, corresponderalle á Xunta directiva da Federación estes gastos de representación da FEGAC durante o presente 2026.

A través desta proposta, a Federación Galega de Asociacións de Amigos do Camiño de Santiago (FEGAC) reforza o seu compromiso co fomento da peregrinación xacobeá, a acollida hospitalaria, a inclusión e a difusión cultural do Camiño. Propónse unha estratexia integral,



eficiente e centrada nas ferramentas de comunicación contemporáneas no apoio directo ás asociacións que integran a FEGAC.

Quinto.- Concorren así, aos efectos do establecido nos artigos 19.4.c) e 26.2 a) da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, e 36.c) e 40.1a) do Regulamento da dita lei, aprobado polo Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, razóns de interese público para a sinatura deste convenio.

Dada a especialidade do obxecto do convenio, non procede a realización dunha convocatoria pública ao ser a FEGAC a entidade que representa á gran maioría das asociacións do Camiño en Galicia e a única que pode desenvolver dito obxecto.

En virtude do anteriormente exposto, as partes acordan celebrar este convenio que se rexerá polas seguintes

CLÁUSULAS

Primeira.- Obxecto do convenio

Constitúe o obxecto deste convenio o establecemento das condicións para a colaboración entre a Axencia de Turismo de Galicia e a Federación Galega de Asociacións de Amigos do Camiño de Santiago (FEGAC) para a promoción e dinamización das rutas xacobeas en Galicia e o fortalecemento do papel das asociacións do Camiño de Santiago.

Segunda.- Orzamento e financiamento

O orzamento estimado de gastos relativos ao obxecto descrito na cláusula anterior ascende a 40.000,00 € (IVE incluído), co seguinte detalle:

Actuación	Base imponible	% IVE	Cota IVE	Total (IVE incluído)
Campaña de comunicación	5.772,01 €	21 %	1.212,12 €	6.984,13 €



Elaboración material promocional	6.296,74 €	21 %	1.322,31 €	7.619,05 €
Charlas divulgativas	5.772,01 €	21 %	1.212,12 €	6.984,13 €
Congreso FEGAC	8.430,63 €	21 %	1.770,43 €	10.201,06 €
Compensación gastos	7.465,12 €	10 %	746,51 €	8.211,63 €
TOTAIS	33.736,51 €		6.263,49 €	40.000,00 €

A Axencia de Turismo de Galicia realizará unha achega por importe máximo 40.000,00 €, IVE incluído (100%), con cargo á aplicación orzamentaria 04.A2.761A.781.0, proxecto 2015 00005, procedente dos orzamentos xerais da Comunidade de Galicia para o ano 2026.

A Axencia de Turismo de Galicia procederá ao pagamento do importe a favor da Federación unha vez esta presente a documentación xustificativa establecida no presente convenio.

En todo caso, a achega da Axencia de Turismo de Galicia para posibilitar a realización das actuacións só cubrirá o custo de realización da actividade sen que a Federación obteña beneficio ou lucro industrial algún con elas.

Terceira.- Gastos subvencionables

De acordo co previsto no artigo 29 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, consideraranse subvencionables os gastos que, sen admitir dúbida, respondan á natureza da actividade subvencionada de acordo coa previsión de orzamento recollida na cláusula segunda e que se realicen a partir do **1 de xaneiro de 2026**.

Os gastos financeiros, os gastos de asesoría xurídica ou financeira, os gastos notariais e rexistras e os gastos periciais para a realización do proxecto subvencionado recollidos no artigo 29 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, non serán subvencionables.

O importe correspondente ao IVE só poderá ser imputado ao convenio na contía que non sexa recuperada ou compensada pola entidade, o cal deberá ser acreditado por esta mediante declaración responsable coa xustificación do convenio.



Cuarta.- Compromisos das partes

1. A Federación, como entidade beneficiaria da subvención da Axencia de Turismo de Galicia, asume as seguintes obrigas:
 - Desenvolver as actuacións recollidas nas cláusulas primeira e segunda deste convenio, e que constitúen o seu obxecto, así como a xustificar a realización da actividade e o cumprimento da finalidade que determinou a concesión da subvención.
 - Incluír en toda a documentación e soportes específicos para o evento que se trata dunha actuación con financiamento da Xunta de Galicia a través da Axencia de Turismo de Galicia, incluír a marca Xacobeo 27 de conformidade co Decreto 3/2026, do 26 de xaneiro, polo que se regula a utilización da marca Xacobeo 2027 e a marca "Galicia Calidade" en todas as actividades obxecto do presente convenio de colaboración. Os logos poderán descargarse na seguinte ligazón: <https://www.turismo.gal/marca01>.
 - Achegar a información que lle sexa requirida pola Intervención Xeral da Comunidade Autónoma, o Consello de Contas e o Tribunal de Contas no exercicio das súas funcións de fiscalización e control do destino da subvención.
 - Comunicar á Axencia de Turismo de Galicia a obtención doutras subvencións, axudas, ingresos ou recursos que financien a actividade subvencionada procedentes de calquera administración ou entes públicos ou privados nacionais ou internacionais. Esta comunicación deberá efectuarse tan pronto como se coñeza e, en todo caso, con anterioridade á xustificación da aplicación dos fondos recibidos.
 - Presentar, antes da sinatura deste convenio, certificacións de atoparse ao corrente no cumprimento das obrigas tributarias e fronte á Seguridade Social e de non ter pendente de pago algunha outra débeda coa Administración pública da Comunidade Autónoma, así como unha declaración responsable de non estar incurso en ningunha das prohibicións para obter a condición de beneficiario, establecidas no artigo 10 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, de conformidade co disposto nos artigos 10 e 13 do Regulamento da dita lei, aprobado polo Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro.



- Achegar unha declaración responsable relativa á situación da entidade en relación ao imposto sobre o valor engadido (IVE). No suposto de que o IVE soportado sexa deducible, deberá presentar xunto coa presente declaración responsable o modelo 390 (Resumo anual do IVE do exercicio anterior).
 - Manter, de ser o caso, a propiedade sobre os investimentos subvencionados, e a vinculación destes á actividade económica que motivou a axuda, durante un período mínimo de 5 anos.
 - Subministrar á Axencia de Turismo de Galicia, en virtude do disposto no artigo 4 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, previo requirimento, toda a información necesaria para o cumprimento pola Axencia de Turismo de Galicia, das obrigas previstas no Título I da citada lei.
 - Reintegrar, total ou parcialmente, a axuda percibida no suposto de incumprimento das condicións establecidas no presente convenio.
 - As demais obrigas previstas no artigo 11 da Lei 9/2007, do 13 de xuño.
2. A Axencia de Turismo de Galicia comprométese a colaborar no financiamento do custo das actuacións previstas a través do outorgamento dunha subvención polo importe establecido na cláusula segunda.

Quinta.- Compatibilidade

De acordo co disposto no artigo 40.1, letra d) do Regulamento da Lei de subvencións de Galicia, aprobado polo Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, a achega económica prevista no presente instrumento será compatible con outras subvencións, ingresos, axudas ou recursos para a mesma finalidade, procedentes de calquera Administración ou entes públicos ou privados, nacionais, da Unión Europea ou organismos internacionais.

De conformidade co artigo 17.3 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, o importe da subvención en ningún caso poderá ser de tal contía que, illadamente ou en concorrencia con outras subvencións, axudas, ingresos ou recursos, supere o custe da actividade subvencionada.

Sexta.- Inexistencia de relación laboral



A subscrición do presente convenio non implicará relación laboral ou de calquera outra natureza entre a Axencia de Turismo de Galicia e as persoas ou profesionais que desenvolvan as accións que constitúen o obxecto do mesmo, de xeito que non se lle poderá esixir responsabilidade algunha directa nin subsidiaria por actos ou feitos acaecidos no desenvolvemento deste.

Sétima.- Subcontratación

Poderán ser obxecto de subcontratación, total ou parcial, as actividades subvencionadas a través deste convenio, tendo en conta o disposto nesta cláusula e de acordo co establecido no artigo 27 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia. En todo caso quedan fóra da subcontratación aqueles gastos nos que teña que incurrir a entidade beneficiaria para a realización por si mesma da actividade subvencionada.

A necesidade da subcontratación estará debidamente motivada pola entidade beneficiaria e, en ningún caso, suporá un aumento do custo da actividade subvencionada.

Os subcontratistas quedarán obrigados soamente ante a entidade beneficiaria, que asumirá a total responsabilidade da execución da actividade subvencionada fronte á administración. A entidade beneficiaria será a responsable de que na execución da actividade subvencionada concertada con terceiros se respecten os límites establecidos neste convenio en canto á natureza e contía dos gastos subvencionables e esixiranlles ás/aos subcontratistas os documentos acreditativos dos pagamentos correspondentes.

Os/as subcontratistas están obrigados/as a facilitarlles aos organismos de auditoría e control toda a información necesaria relativa ás accións subcontratadas.

En ningún caso poderá concertar o beneficiario a execución total ou parcial das actividades subvencionadas con:

- Persoas ou entidades incursas nalgunha das prohibicións do artigo 10 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.
- Persoas ou entidades que percibisen outras subvencións para a realización da actividade obxecto de contratación.



- Intermediarios ou asesores nos que os pagamentos se definan como unha porcentaxe do custo total da operación, agás que o dito pagamento estea xustificado con referencia ao valor de mercado do traballo realizado ou dos servizos prestados.
- Persoas ou entidades vinculadas co beneficiario, agás que a contratación se realice de acordo coas condicións normais de mercado e que se obteña a previa autorización do órgano concedente nos termos que se fixen nestas bases reguladoras.

Oitava.- Xustificación de fondos e pagamentos

A Federación, segundo se establece nos artigos 28 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia e o artigo 48 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño que a desenvolve, estará obrigada a xustificar ante a Axencia de Turismo de Galicia o cumprimento da finalidade da subvención, a realización da actividade ou adopción do comportamento que fundamentou a súa concesión e o seu custo real, mediante a presentación dunha conta xustificativa integrada, con carácter xeral, pola documentación que se relaciona a continuación:

- Memoria de actuación xustificativa do cumprimento das condicións impostas na concesión da subvención, con indicación das actividades realizadas e dos resultados obtidos.
- Memoria económica xustificativa do custe das actividades realizadas, que contará:
 - a) Relación clasificada dos gastos e investimentos da actividade, con identificación do acredor e do documento, o seu importe, data de emisión e, no seu caso, data de pagamento.
 - b) Facturas ou documentos de valor probatorio equivalente no tráfico xurídico-mercantil ou con eficacia administrativa incorporados na relación á que se fai referencia no apartado anterior e a documentación acreditativa do pago. No caso de tratarse de gastos inferiores a 1.000 € poderá xustificarse o pagamento mediante recibo do provedor.
 - c) Os documentos acreditativos dos gastos realizados con medios ou recursos propios e a indicación, no seu caso, dos criterios de reparto dos custes xerais e/ou indirectos incorporados na relación á que se fai referencia na letra a).
 - d) Unha relación detallada doutros ingresos ou subvencións que financien a actividade subvencionada con indicación do importe e a súa procedencia.



- e) Os tres orzamentos que, en aplicación do artigo 29.3 da Lei de subvencións de Galicia, deba solicitar o beneficiario.
- f) No seu caso, a carta de pago de reintegro no suposto de remanentes non aplicados así como dos xuros derivados destes.
- g) Deberá indicarse un número de conta para o ingreso dos fondos e xuntar unha declaración responsable da veracidade dos datos relativos á dita conta.
- h) Detalle da documentación e soportes publicitarios nos que consten a colaboración da Xunta de Galicia.

Por outro lado, a entidade beneficiaria deberá acreditar que se atopa ao corrente no cumprimento das súas obrigas tributarias e fronte á Seguridade Social e que non ten pendente de pagamento ningunha outra débeda coa Administración pública da Comunidade Autónoma.

A Axencia de Turismo de Galicia resérvase o dereito a solicitar toda a documentación que considere precisa en relación coa xustificación do convenio.

A comunicación relativa á obtención doutras subvencións, axudas, ingresos ou recursos para a mesma finalidade, así como a modificación das circunstancias que fundamentasen a concesión da subvención, deberá efectuarse no momento no que se coñeza e, en todo caso, con anterioridade á xustificación da aplicación dada aos fondos percibidos.

Cando as actuacións obxecto do convenio fosen financiadas, ademais de coa subvención, con fondos propios ou doutras subvencións ou recursos, deberá acreditarse na xustificación o importe, a procedencia e a aplicación de tales fondos ás actividades subvencionadas, de conformidade co establecido no artigo 28.6 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

No caso de que se produza exceso das subvencións percibidas de distintas entidades públicas, a entidade beneficiaria deberá reintegrar o exceso xunto cos xuros de demora, nos termos que establece o artigo 23 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da Lei de subvencións de Galicia.

Á vista desta documentación, o órgano competente da Axencia de Turismo de Galicia, comprobará a realización da actividade e o cumprimento da finalidade da subvención e, unha



vez comprobado o cumprimento, expedirá certificado acreditativo da verificación realizada e tramitará o pagamento.

Para estes efectos, considerarase gasto realizado o que foi efectivamente pagado con anterioridade á finalización do referido prazo de xustificación.

O prazo para presentar a documentación xustificativa da subvención por parte da Federación e realizar a execución do obxecto do convenio será dende a formalización do convenio ata o **15 de decembro de 2026**.

A documentación correspondente á xustificación presentarase de forma electrónica a través da sede electrónica da Xunta de Galicia (<http://sede.xunta.gal>).

Se o investimento xustificado fose menor ao previsto no orzamento estimado contido na cláusula segunda deste convenio, e sempre que se cumpra coa finalidade para a que se concedeu a subvención, procederá o pagamento da subvención na contía que sexa obxecto de xustificación.

Non se entenderá incumprida a obriga de xustificación das actuacións obxecto deste convenio no caso de variacións das contías previstas nas distintas partidas establecidas no orzamento estimado na cláusula segunda, cando obedezan a razóns xustificadas e as actuacións que se levaran a cabo garden relación directa co obxecto do presente convenio e se compensen uns conceptos con outros, conforme ao previsto no artigo 74.2 do Regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

Novena.- Pagamentos anticipados e á conta

Poderanse realizar pagamentos anticipados que supoñerán entregas de fondos con carácter previo á xustificación, como financiamento necesario para levar a cabo as actuacións inherentes á subvención, por importe do 50% da subvención concedida e sen que se supere a anualidade prevista en cada exercicio orzamentario, ao abeiro do disposto no artigo 63.1.Dous do Regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, aprobado polo Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro.

Así mesmo poderanse realizar pagamentos á conta conforme ao artigo 62 do Regulamento da Lei de subvencións de Galicia, aprobado polo Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, que poderán



supoñer a realización de pagamentos fraccionados que responderán ao ritmo de execución das accións subvencionadas, aboándose por contía equivalente á xustificación presentada. Para proceder ao seu pagamento, a Federación deberá enviar a documentación xustificativa relacionada na cláusula oitava.

A suma dos pagamentos anticipados e a conta non será superior ao 80% da porcentaxe subvencionada correspondente aos pagos xustificados, de conformidade co disposto no citado artigo 62.

Coa solicitude de anticipo a Federación deberá presentar as certificacións de estar ao corrente das súas obrigas tributarias e fronte á Seguridade Social e de non ter pendente de pago débedas por ningún concepto coa Administración pública da Comunidade Autónoma. Así mesmo, deberá xuntar declaración de obtención doutras subvencións, axudas, ingresos ou recursos que financien as actividades subvencionadas.

Para a realización dos pagamentos a conta e anticipados deberá prestarse garantía que cubra o 110% do importe das cantidades aboadas á conta e anticipadas, ao abeiro do disposto no artigo 67 do devandito Regulamento. En todo caso quedarán exentos de garantía os pagamentos a conta e anticipados que non superen no seu conxunto os 18.000 €, de conformidade co artigo 65.4.i).

Décima.- Perda do dereito ao cobramento da subvención

1. Producirase a perda do dereito ao cobramento da subvención nos supostos de falta de xustificación, xustificación incompleta ou insuficiente, deficiencias non emendables na documentación xustificativa, incumprimento das obrigas impostas á entidade beneficiaria neste convenio ou concorrencia dalgunha das causas previstas no artigo 33 da Lei de subvencións de Galicia e demais lexislación aplicable, sen prexuízo do previsto nos artigos 45.2 e 46 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro.

2. Ademais de calquera outra causa que derive da normativa aplicable, constitúen en todo caso un incumprimento das obrigas impostas á entidade beneficiaria neste convenio as seguintes:

a) Non acreditar a execución do proxecto subvencionado antes da finalización do prazo de xustificación e/ou non presentar toda a documentación xustificativa no tempo e na forma



esixibles, de conformidade co previsto nas cláusulas deste convenio e demais normativa de aplicación.

b) Incumprimento das condicións establecidas para a concesión da subvención.

3. A perda do dereito será total ou parcial, segundo afecte todas ou algunhas das actuacións que integran o proxecto que fundamenta a resolución de concesión.

Décimo primeira.- Reintegro da subvención

Procederá o reintegro parcial ou total da subvención nos casos previstos no artigo 33 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, e concordantes do Regulamento da Lei de subvencións de Galicia.

No caso de que se produza exceso das subvencións percibidas de distintas entidades públicas, a Federación deberá reintegrar o exceso xunto cos xuros de demora, nos termos que establece o artigo 23 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da Lei de subvencións de Galicia.

Décimo segunda.- Comisión de seguimento

Para o seguimento do convenio e da súa execución así como para propoñer solucións aos conflitos que poidan xurdir na aplicación e interpretación das cláusulas do convenio constituirase unha comisión de seguimento que estará integrada por un representante designado pola Federación e por un representante designado pola Axencia de Turismo de Galicia.

A actuación da Comisión de Seguimento axustarase ao establecido nos preceptos básicos da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público, e na Lei 16/2010, de 17 decembro, de organización e funcionamento da administración xeral e do sector público autonómico de Galicia.

Non obstante, todas aquelas cuestións que se susciten en relación co outorgamento, cumprimento, xustificación e pagamento, así como o reintegro e determinación das posibles responsabilidades relativas á subvención concedida serán resoltas pola persoa titular da Dirección da Axencia de Turismo de Galicia.



Décimo terceira.- Modificación do convenio

As modificacións do convenio adoptaranse por acordo expreso e escrito das partes asinantes, e de acordo cos trámites que esixa a normativa vixente.

Respecto da subvención concedida pola Axencia de Turismo de Galicia, toda alteración das condicións tidas en conta para a súa concesión dará lugar á modificación do convenio, sendo de aplicación das previsións ao respecto contidas na Lei 9/2007, do 13 de xuño, e no regulamento da dita lei.

Décimo cuarta.- Causas de resolución

Serán causas de resolución deste convenio:

- O incumprimento do seu obxecto.
- O incumprimento total ou parcial de calquera das cláusulas que nel se establecen.
- O acordo unánime de todos os asinantes.
- A decisión xudicial declarativa da nulidade do convenio.

Décimo quinta.- Natureza xurídica, réxime xurídico e xurisdición competente

Este convenio ten natureza administrativa, e queda fóra do ámbito da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público, que os exclúe expresamente o artigo 6.2.

Seralle de aplicación o réxime determinado pola Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia; o Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro que a desenvolve; os preceptos básicos da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, e do Real decreto 887/2006 que a desenvolve; a Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno; a Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas; a Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público, e polas demais normas de dereito administrativo aplicables e, no seu defecto, polas normas de dereito privado.

As controversias derivadas da aplicación ou interpretación do presente convenio serán resoltas en última instancia pola persoa titular da Dirección da Axencia de Turismo de Galicia, cuxas resolucións poñen fin a vía administrativa. Será competente a xurisdición contencioso-administrativa para resolver na vía xurisdiccional as citadas controversias.



Décimo sexta.- Publicidade e Rexistro do convenio. Consentimento para a publicidade de datos persoais que figuran no convenio

En cumprimento do disposto no artigos 18 e 20.8 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións (LXS en diante), comunicárase a subscripción deste convenio á Base de Datos Nacional de Subvencións que opera como sistema nacional de publicidade de subvencións.

Segundo o artigo 17 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, ademais da información que debe facerse pública segundo a normativa básica en materia de transparencia, a Axencia de Turismo de Galicia publicará o texto íntegro do convenio.

Así mesmo estarase ao disposto no artigo 15 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, sobre as obrigas específicas de información sobre convenios.

Asemade procederáse á inscrición do convenio no Rexistro Público de Subvencións conforme ao establecido no artigo 16 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, e no Decreto 132/2006, do 27 de xullo.

Coa sinatura do presente convenio as partes asinantes prestan o seu consentimento para incluír e facer públicos a través do Portal de Transparencia e Goberno Aberto e do rexistro regulado no Decreto 132/2006, do 27 de xullo, os datos de carácter persoal e mailo resto das especificacións contidas no convenio.

Décimo sétima.- Protección de datos persoais

As partes asinantes responsabilizaranse de que calquera tratamento de datos persoais que puideran levarse a cabo en virtude do mesmo se realice con absoluto respecto ás normas de seguridade e de conformidade co establecido no Regulamento 2016/679 (UE) Xeral de Protección de datos (en diante, RXPDP), na Lei Orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de protección de datos persoais e garantía dos dereitos dixitais (en diante, LOPDGDD) e demais normativa concordante.

Os datos persoais dos asinantes deste convenio serán tratados por cada unha das partes co fin de xestionar a súa formalización e desenvolvemento, sendo imprescindible para iso que inclúan os seus datos identificativos, a representación da capacidade que ostenten, e a súa sinatura. A base lexitimadora do tratamento dos datos persoais dos asinantes é o cumprimento dunha misión realizada en interese público baseada na Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico



do sector público e na necesidade de tratar os devanditos datos para a execución do convenio suscrito. Respecto dos datos persoais sobre os que a Axencia de Turismo de Galicia ostenta a condición de responsable do tratamento, as persoas interesadas poderán solicitar ante esta o acceso, rectificación e supresión, así como opoñerse ao seu tratamento a través da Sede Electrónica da Xunta de Galicia ou nos lugares e rexistros establecidos na normativa reguladora do procedemento administrativo común, segundo se recolle en <https://www.xunta.gal/exercicio-dos-dereitos>. Contacto co/a delegado/a de protección de datos e información adicional en <https://www.xunta.gal/informacion-xeral-proteccion-datos>.

En canto aos datos persoais sobre os que a Federación ostenta a condición de responsable do tratamento, as persoas interesadas poderán solicitar da devandita entidade o acceso, rectificación e supresión dos seus datos, así como opoñerse ao seu tratamento a través do enderezo sinalado no encabezamento do presente convenio.

Así mesmo, as partes garanten o cumprimento do deber de información previsto no artigo 13 do RXPD respecto do persoal ao seu servizo, propio ou alleo, cuxos datos persoais sexan comunicados entre as partes para a execución dos seus compromisos.

Décimo oitava.- Notificación electrónica

Segundo o artigo 14.2 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, os colectivos que están obrigados a relacionarse a través de medios electrónicos coas administracións públicas, e polo tanto, a recibir notificacións por canles electrónicas son: as persoas xurídicas, as entidades sen personalidade xurídica, os colexios profesionais, os que representen un interesado que estea obrigado a relacionarse electronicamente coa Administración e os empregados das administracións públicas para os trámites que realicen con elas por razón da súa condición de empregado público.

As notificacións realizaranse só por medios electrónicos a través do Sistema de Notificación Electrónica de Galicia Notifica.gal (<https://notifica.xunta.gal>). Para poder acceder a unha notificación electrónica, o interesado deberá contar cun certificado electrónico asociado ao NIF que figure como destinatario da notificación (persoa física ou xurídica). Así mesmo, o interesado pode autorizar a calquera outra persoa a acceder ao contido das súas notificacións.

Décimo novena.- Vixencia



Este convenio entrará en vigor na data da súa sinatura e terá vixencia ata o 31 de decembro de 2026.

E en proba de conformidade de canto antecede, asinan este documento na data da súa sinatura dixital.

Pola Axencia de Turismo de Galicia

Pola FEGAC

José Manuel Merelles Remy

Javier Gómez Vila

